

BORRADOR DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 17 DE MARZO DE 2014.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:20 horas do día dezasete de marzo de dous mil eatorce, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Feron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- LICENZAS PERMISOS AUTORIZACIÓNS

1.1.- LICENZAS

1.1.1.- LICENZA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE PARA EXPLOTACIÓN DE POLOS NO LUGAR DE CABRITA, PARROQUIA DE MERCURÍN, A INSTANCIA DE DNA. TAMARA LÓPEZ GARCÍA EN REPRESENTACIÓN DA ENTIDADE L.P. AVES, S.C.

Visto o escrito número 889 de data 03/06/2013 no que por Dna. Tamara López García actuando en representación da entidade L.P. Aves, S.C solicita a visita de comprobación ás instalacións destinadas para a actividade de dúas naves e almacén para explotación de polos no lugar de Cabrita, parroquia de Mercurín, e se conceda a licenza para a posta en funcionamento da actividade.

Visto a acta de comprobación do enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Angel Delgado Cid, colexiado nº 4.657 no que se informa favorablemente a posta en funcionamento da actividade tras a visita de comprobación realizada para o outorgamento de licenza definitiva de actividade en data 12/03/2014

Ao existir causa de abstención fundamentada no artigo 28.2.b) da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, abandona a

sesión o Sr. Alcalde e ocupa a Presidencia a primeira tenente de alcalde Dna. Ana Ledo Fernández; por unanimidade a Xunta de Goberno Local con tres votos a favor **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Conceder a Dna. Tamara López García, en representación da entidade L.P. Aves, S.C licenza definitiva de actividade de dúas naves e almacén para explotación de polos sita no lugar de Cabrita, parroquia de Mercurín, actividade a desenvolver cumprindo as medidas correctoras que constan no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por licenza de apertura de establecementos en aplicación da ordenanza fiscal nº 5 do Concello de Boimorto, que deberá ser ingresada previamente, sen a cal a licenza non producirá efecto ningún.

Base impoñible superficie ocupada = 5.101 m²

Tipo = 1 €/m²

Cuota a ingresar: **5.101,00** Euros.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

Reincorporase á Presidencia o Sr. Alcalde.

1.1.2.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 12-04-2014

Vista a solicitude presentada por D. Jesús Javier Vereá Vázquez con DNI nº 33230421-K en calidade de vogal do Club de Fútbol de Boimorto, e con domicilio a efectos de notificación en R/ Vilanova nº 15 do núcleo urbano de Boimorto, na que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 12/04/2014 de 21.30 a 22.30 h da noite para celebración da asemblea de socios da asociación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Autorizar ao Club de Fútbol de Boimorto o uso do salón de actos da casa de cultura para o día 12/04/2014 de 21.30 A 22.30 h da noite.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo

2.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS

2.- URBANISMO

2.1.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE EXECUCIÓN E AUTORIZACIÓN DE INICIO DE OBRAS.

Dáse conta do escrito presentado por D. José Cajide Mato o 10/09/2013, con rexistro de entrada núm. 1750, có que achega o **proxecto de execución de vivenda unifamiliar aislada**, redactado pola Arquitecta Dna. Marta Justo Vicente, colexiada nº 2.280, licenza de obra maior (LO 18/2013) na rúa do Pazo, parroquia de Boimorto, para a que lle foi concedida licenza urbanística sobre proxecto básico na Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/05/2013, cunha serie de condicións e de documentación a aportar previo ao inicio das obras.

Visto o informe favorable do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, do día 16/12/2013, no que se pon de manifesto que o proxecto contén a documentación esixida e non altera as previsións do proxecto básico.

Resultando que se aporta co proxecto de execución o oficio de dirección de obra visados polos Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a formalización en escritura pública de cesión de viais.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de execución presentado por D. José Cajide Mato, asinado por Dna. Marta Justo Vicente, arquitecta colexiado nº 2.280, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co número 1302555.3 de 6 de setembro de 2013.

SEGUNDO.- Autorizar o inicio das obras consistentes na construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e peche de parcela na rúa do Pazo, parroquia de Boimorto, amparadas na licenza urbanística concedida a D. José Cajide Mato (LO 18/2013), por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de maio de 2013.

TERCEIRO.- Notificar ao interesado que deberá cumprir as seguintes condicións:

.- O presente acordo outorgarase sen prexuízo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Lembrarlle que antes do inicio das obras deberá acreditar o pago da liquidación do ICIO por importe de **933,18 Euros** e a constitución da fianza de garantía por importe de **524,83 Euros**.

.- Cumprirse a normativa do Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

.- De conformidade co disposto nos artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- Necesaria obtención de licenza de primeira ocupación (Lei 8/2012 de 29 de xuño, artigos 42 e 44) que se solicitaría presentando certificado final de obra do técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada, e solicitude de previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais en aplicación do artigo 195 da LOUGA para a obtención de licenza de primeira ocupación.

A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, do saneamento, da electricidade, do gas, das telecomunicacións e doutros servizos comunitarios.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

2.2.- OBRAS E SERVIZOS

2.2.1.- APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DE XARDÍNS, ZONAS VERDES E OUTRAS ZONAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BOIMORTO (CSPNSP 1/2014)

Visto o expediente de contratación do servizo de conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras zonas públicas municipais, tendo dito contrato un orzamento de execución 24.000 € anuais, ive incluído, constando no expediente certificación de existencia de crédito de intervención, informe de secretaría, pregos de prescricións particulares e técnicas que haberán de rexer a contratación por procedemento negociado sen publicidade no marco do Real decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 109 do TRLCSP RDLex 3/2011, con fundamento de manter e conservar en bo estado os xardíns e zonas verdes municipais.

Considerando aplicable a tramitación ordinaria neste expediente en uso das facultades delegadas pola alcaldía presidencia na Xunta de Goberno Local e en aplicación do disposto no artigo 109 e na disposición adicional segunda do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de

novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do contrato administrativo de conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras zonas públicas municipais, cun importe de execución por contrata de 24.000 euros anuais, ive incluído, por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía do servizo, contratación conforme aos pregos de prescricións administrativas particulares e técnicas que están no expediente e que se realizará por tramitación ordinaria nesta contratación.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas que constan no expediente, que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade deste servizo non suxeito a regulación harmonizada recollendo o prego de prescricións particulares do contrato os criterios de adxudicación do mesmo.

TERCEIRO.- Visto informe de intervención entender autorizado o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 15.022706 do orzamento municipal para a anualidade 2014 polo importe de 24.000 euros.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 320.1 do TRLCSP non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación e solicitar a oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realizar a adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo isto no expediente. Acordar dirixir oferta ás seguintes empresas: Coregal Parques e Xardíns, S.L. CIF: B-15731797; Viveiros Valadares CIF: B-70237649 e Aspas Emprego, S.L. CIF: B-70007083

3.- ASUNTOS ECONÓMICOS

3.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU**:

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
00823/-13/03/14	Jesús Manuel Vázquez Cajide / 33280546-Y	Copias de chaves do almacén do polideportivo municipal	9,00 €
6/14-12/03/14	Xestión, Cultura e Lecer, S.L. / B-94054137	Actividade infantil de entroido	250,50 €
A 000095-31/01/14	Benitez-Donoso, Contreras, C.B. / E-82612201	Honorarios formalización escritura de constitución unilateral de derecho de usufructo da finca nº 412 de Luz Casal	160,67 €
157-12/03/14	Manuel J. Uzal Gómez / 76498650-Y	Rifas (I poxa de xovencas) Magreco 2014	145,20 €
6-28/02/2014	Mercedes Seijas Barreiro / 76517970-Y	Servizo de perruquería no centro residencia febreiro 2014	43,97 €
214-26/02/14	José Mª Fraga Prado / 33210960-H	Cancela de madeira para a residencia	279,51 €
1401029236-28/02/14	Autopistas del Atlántico Concesionaria Española,	Pexe autopista A-6 recoller roupa de protección civil a	

	S.A. / A-15020522	Culleredo o día 26/02/14	3,07 €
166/14-27/02/14	Gráfica de Asturias, S.L. / B-15342348	Carpetas de expedientes e selos automáticos para protección civil e oficina municipal de información xuvenil	234,64 €
5/01401183-25/02/14	Nea F3 Iberica, S.L. B-15361348	Mantemento fotocopiadora cor BH.C353 oficinas municipais Período 19/01/14-19/02/14	428,36 €
5/01401184-25/02/14 □		Mantemento fotocopiadora cor K-7022 residencia e centro de día período 17/01/14-18/02/14	23,11 €
B166-17/02/14	Jobegosum S.L. B70058268	Material sanitario para enfermería da residencia	125,30 €
13-03/03/14	Grupo Acofide, S.C. / J70026604	Clases de pilates febreiro 2014 días 13, 17, 20 e 27	125,84 €
0101-1400042-31/01/14	COGAMI Reciclado de Galicia, S.L. / B-15467962	Recollida de residuos do 01/01/14 ao 31/01/14	95,36 €
140056-03/02/14	Farmacia M ^a José Vázquez Freire / 33277749S	Material de enfermería para a residencia e centro de día período 01/01/1 ao 20/01/14	40,85 €
A/4-06/03/14	Mercedes Seoane Bravo / 33240065M	Arreglo escenario certame cantares de reis	181,50 €
A/5-06/03/14		Plantas para stand Festa do Queiro 2014	72,60 €
005-09/03/14	Orquesta Compostela, S.L. / B15617087	Actuación musical cea día da muller traballadora	302,50 €
0060/S14-03/03/14	Talleres San Fins, S.L. / B15432453	Reparación furgoneta servizos sociais matrícula 9114FDM	100,91 €
14A/001474-10/03/14	Toldos Gómez, S.L. / B-15274459	Lonas Magreco 2014	114,95 €
4001280217-28/02/14	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.L. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de febreiro 2014 □	147,72 €
OFFV14/691-28/02/14	Ofireyco, S.L. / B15342702	Material de oficina para o Concello	362,21 €
AR328007-28/02/14 □	ABM-REXEL, S.L.U. B-28262822	Material alumado público	1.391,50 €
14/21-28/02/14	Remuíño Servicios XXI, S.L. / B-15873193	Tóner fotocopiadora do xulgado de paz e impresora departamento contabilidade	439,34 €
838.377-03/03/14	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial marzo 2014	332,52 €
838.977-03/03/14		Mantemento ascensor residencia marzo 2014	332,80 €
8-27/02/14	María Teresa López Alonso / 76624257-X	Servizo de podoloxía centro residencial e servizos externos febreiro 2014	265,44 €
002553-31/12/13	Control de Plagas Andrade SL / B15989692	Importe anual servizos de limpeza e desinfección realizados para prevención de legionella en edificios	

		municipais meses de novembro e decembro 2013	794,55 €
01/14-20/01/14	Xosé e Manuel Parrado Garea, C.B. / E-15247489	Compra de dous libros certame cantares de reis	58,95 €
2014/0347-28/02/14	Sociedade Galega de Medio Ambiente A-15379803	Tratamento RU mes de febreiro 2014	2.339,50 €
951095731-28/02/14□	Kone Elevadores S.A./ A-28791069	Servizo mantemento ascensor colexio mes de febreiro 2014	245,68 €
266-27/02/14	José Manuel Vereá Castelo / 33245534-T	Material alumeado público	3,59 €
272-28/02/14		Pilas para oficinas municipais	15,00 €
273-28/02/14		Caixa de luvas garaxe	10,04 €
274-28/02/14		protección civil	79,50 €
275-28/02/14		Material reparación camiños municipais	6,05 €
276-28/02/14		Pilas PDA servizo de augas	10,89 €
		Traxe de augas servizo recollida de lixo	
3120153737-31/12/13	Serunión, S.A.U. / A59376574	Servizo de alimentación residencia e centro de día decembro 2013	5.224,32 €
3120157730-31/01/14		Servizo de alimentación residencia e centro de día xaneiro 2014	5.162,63 €
3120161683-28/02/14		Servizo de alimentación residencia e centro de día febreiro 2014	4.687,89 €
97.597-28/02/14	Recambios Santiagueses, S.L. / B-15.214.349	Material reparación do camión grúa e Mitsubishi	58,75 €
97.219-15/02/14		Abono escobillas	-52,25 €
97.423-28/02/14		Motobomba auga	36,91 €
97.424-28/02/14		Espello para cargadora retroexcavadora	26,47 €
Liquidación taxa nº 2014/536	Deputación da Coruña	Anuncio BOP: 14/22-01-2014 aprobación inicial orzamento 2014.	125,39 €
0000558-01/03/14	Enfoque Soluciones TI SL / B-47602651	Mantemento programa informático residencia marzo 2014	59,29 €
B/256-07/03/14	Oscar Carreira García / 78798945-A	Carro de fregado para residencia e centro de día de Boimorto	114,35 €
B/8-02/01/14		Material de limpeza para o Concello	184,68 €
28-C481-507299-01/03/14	Telefónica Móviles España, S.A. / A-78923125	Recibo teléfonos móbiles período 18/01/14 a 17/02/14	192,53 €
Relación de data 28/02/14. Rexistro de entrada nº 380	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A-65067332	Recibos de subministro de luz ao alumeado público	5.829,51 €
		Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	292,26 €
FE14321138451277-	Gas Natural Servicios	Recibo de subministro de luz	

03/01/14	SDG, S.A. / A-08431090	estación potabilizadora período 15-11-13/24-12-13	45,80 €
FE14321139643202-21/01/14		Recibo de subministro de luz estación potabilizadora período 25-12-13/15-01-14	31,84
FE14321140160721-28/01/14		Recibo de subministro de luz albergue período 17-12-13/14-01-14	260,97 €
FE14321140160722-28/01/14		Recibo de subministro de luz polideportivo período 17-12-13/14-01-14	197,25 €
FE14321138451278-03/01/14		Recibo de subministro de luz campo de fútbol período 14-11-13/24-12-13	1.306,87 €
FE14321140160724-28/01/14		Recibo de subministro de luz campo de fútbol período 25-12-13/14/01/14	739,81 €
FE14321138451279-03/01/14		Recibo de subministro de luz piscina período 14-11-13/24-12-13	153,37 €
FE14321140160725-28/01/14		Recibo de subministro de luz piscina período 25-12-13/14-01-14	91,08 €
FE14321140160726-28/01/14		Recibo de subministro de luz residencia período 17-12-13/14-01-14	1.359,58 €
FE14321140160723-28/01/14		Recibo de subministro de luz colexio período 17-12-13/14-01-14	590,59 €

3.2.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES QUE ESTABLECERÁN OS PREZOS PÚBLICOS DA ACTIVIDADE DE PROMOCIÓN CULTURAL NO MAGRECO 2014.

Vistas as bases para convocatoria e aprobación das bases que establecerán os prezos públicos da actividade de promoción cultural no MAGRECO 2014 do Concello de Boimorto redactadas en data 14/03/2014 pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<<BASES PARA ESTABLECER OS PREZOS PÚBLICOS DA ACTIVIDADE DE PROMOCIÓN CULTURAL NO MAGRECO 2014.

1.- Obxeto.

O obxeto destas bases e o establecemento dos prezos públicos para a actividade de MAGRECO 2014, co obxecto de promoción, fomento e apoio da feira, mediante a participación publicitaria no folleto informativo das actividades que imos levar a cabo.

O Concello elabora un boletín de publicidade onde se citarán as empresas que soliciten a súa participación no mesmo, previo pago dos prezos públicos.

2.- Obrigados ao pagamento.

Estarán obrigados ao pagamento todas as persoas que se beneficien desta actividade de publicidade a través do folleto informativo do MAGRECO 2014.

Todos os interesados deberán cubrir unha solicitude na que acordan que están conformes coas bases dos prezos públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 100€ ou 300€. E este prezo inclúe:

100€: páxina do interior do folleto informativo

300€: contraportada

4.- Bonificacións e exencións

Non se contemplan bonificacións.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do prezo público, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que o soliciten no Concello, achegen o anuncio a publicar e a continuación iniciárase a prestación da actividade especificada no artigo 3, a obriga de pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 14 de marzo de 2014

A normalizadora lingüística

Asdo.- Sylvia Cea Vázquez

A animadora sociocultural

Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases que establecen os prezos públicos da actividade de promoción cultural no MAGRECO 2014, redactadas en data 14/03/2014 pola normalizadora lingüística e pola animadora sociocultural, tal e como quedan reproducidas neste acordo sendo os prezos públicos para a promoción cultural de 100€ cun anuncio que ocupa unha páxina do interior ou de 300€ se o anuncio ocupa a contraportada do folleto informativo.

SEGUNDO.-Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 13:50 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez